

1. BIZANCIO E OS REINOS XERMÁNICOS

O INICIO DA IDADE MEDIA

No ano 395, trala morte do emperador Teodosio, o Imperio Romano dividiuse en dúas partes: **O Imperio Romano de Occidente**, coa súa capital en Roma e **o Imperio Romano de Oriente**, coa súa capital en Constantinopla.

No século V, a metade occidental sufriu invasións xermánicas (dos visigodos, suevos, vándalos e alanos) e cando os hérulos conquistaron Roma no ano 476, e depuxeron ó último emperador, o Imperio Romano de Occidente desapareceu. Este acontecemento é considerado coma **o punto de partida da Idade Media**, que se estende ata o ano 1492.

O territorio do Imperio de occidente fragmentouse en distintos reinos xermánicos, e durante os cincos séculos seguintes viviu tempos difíciles: a cultura decaeu, o comercio desapareceu, as cidades empobrecéronse e a economía pasou a depender da agricultura.

O Imperio Romano de Oriente, logrou sobrevivir á caída de Roma e preserva-la súa identidade outros mil anos máis. Este Imperio terminou adoptando o nome de Bizancio e perdurou ata 1453, cando os turcos conquistaron Constantinopla.

BIZANCIO

Características xerais

Os emperadores bizantinos soñaron con reconstruí-la Roma e restaura-la súa organización e a súa cultura.

Cando máis cerca estiveron de conseguilo foi entre 533 e 534, cando reinaba **Xustiniano**. E o seu xeneral **Belisario** conquistoulles o norte de África ós vándalos. Un ano máis tarde arrebatoulle Italia ós ostrogodos e no 554, o sueste de Hispania ós visigodos. Así Bizancio converteuse **no estado máis importante do Mediterráneo** e os bizantinos lograron contela presión doutros pobos bárbaros.

Xustiniano **organizou as leis romanas** de forma clara e precisa, impulsou a construción de numerosos templos e **protexeu a cultura**.

Bizancio foi un estado teocrático. Os emperadores chamáronse *basileus* e gobernaron cun poder absoluto apoiados nin forte exército. Contaron tamén cunha **burocracia** ben organizada e unha **base legal** fundamentada no dereito romano, que aínda hoxe se segue a utilizar.

Bizancio quedou dividido en *themas* ou provincias administradas por un gobernador ou por un comandante militar.

A economía baseábase na **agricultura**. Predominaron as grandes propiedades cultivadas por servos, aínda que as pequenas foron aumentando co reparto de terras entre os soldados e os campesiños libres.

O **comercio** adquiriu tamén unha grande importancia. O principal centro mercantil foi Constantinopla. Outros centros importantes foron Alexandría, en Exipto e Antioquía, en Siria.

A **sociedade** bizantina estaba dividida en forma piramidal:

NOBREZA

COMERCIANTES E CAMPESINHOS LIBRES

SERVOS E ESCRAVOS

A nobreza podía ser civil (emperadores, reis, etc.) ou eclesiástica (papas, bispos, abades, arcebispos, etc.).

A **Igrexa** exerceu unha gran influencia sobre a vida bizantina, onde as disputas relixiosas mesturábanse coas sociais. As **loitas iconoclastas** producíanse pola decisión dalgúns emperadores de prohibir o culto ás imaxes sagradas ou **iconos**, porque a súa relixión o impedía. Entre os séculos VII e IX, os destructores das imaxes enfrontáronse cós adoradores das mesmas.

A rivalidade entre o patriarca de Constantinopla e o Papa de Roma, terminou provocando a separación entre as igrexas oriental e occidental no ano 1054, que se coñece co nome de **Cisma de Oriente**.

Trala cisma, a igrexa occidental aceptou a autoridade do Papa e a oriental foi fiel ó patriarca de Constantinopla, mantivo os seus costumes cristiáns e se chamou Igrexa Ortodoxa. Estendeu a súa área de influencia gracias a evanxelización dos **eslavos**, pobos bárbaros asentados nesa zona do Vello Continente.

A capital, Constantinopla

Foi construída por orde do Emperador **Constantino I O Grande**. Atopábase na colonia grega de Bizancioprotexía, o que hoxe é a Istambul dos turcos.

A súa localización era excepcional. Dominaba as rutas entre Europa e Asia e a enseada do **Corno de Ouro** constituía un magnífico porto natural que a protexía das correntes do Bósforo.

A súa superficie triangular impediu que fose urbanizada como calquera outra cidade romana. O centro urbano estableceuse na punta da península, arredor dunha praza cuadrangular chamada **Augusteon**, onde se alzaban os edificios máis importantes de Constantinopla: o **Pazo Sagrado**, o **Senado**, o **Hipódromo** e a **basílica de Santa Sofía**.

Tiña dúas murallas e iso a converteu na cidade máis difícil de conquistar do mundo medieval. Dos ataques marítimos protexíase por medio dunha cadea que, impedía a entrada dos barcos ó Corno de Ouro. Os habitantes da cidade defendíase lanzando sobre as naves inimigas o chamado *lume negro*.

O Legado Cultural De Bizancio

Estivo promovida pola Igrexa e polo Estado. Primeiro mantivo o seu herdo do mundo antigo, pero pouco a pouco foise **helenizando**. O latín cambiouse polo grego e a cultura bizantina converteuse nunha **síntese das culturas clásica, cristiá e oriental**.

O **Código de Xustiniano** foi outro dos grandes logros bizantinos que se realizou no campo do dereito. Recolleu nunha única obra as dispersas leis romanas, e gracias a isto puidéronse conservar e utilizar durante toda a Idade Media.

A arte bizantina está dotada de grande orixinalidade e beleza. Primeiro respectou a proporción e a harmonía clásicas e despois fíxose máis **estilizada**.

Na **arquitectura** usaron o arco sostido por columnas, e preferiron os edificios de planta cadrada, cubertos por unha cúpula sobre pendentes. Levantaron basílicas de planta rectangular con cubertas a dúas augas. Os

edificios estaban construídos por materiais pobres, e as fachadas eran embelecidas con mármore e no interior había numerosos mosaicos.

O monumento máis importante da cultura bizantina é a basílica de Santa Sofía de Constantinopla, que ordenou construír Xustiniano no século VI.

Outros edificios destacados en Ravena foron: a Igrexa de San Vital (onde se atopan os mellores mosaicos de Xustiniano e Teodora) e as basílicas de santo Apolinar Novo e Santo Apolinar *In Classe*.

As **esculturas** e as **pinturas** bizantinas abordan temas relixiosos que tratan de seguir con fidelidade os textos bíblicos. Caracterízanse pola rixidez das figuras e a solemnidade e a espiritualidade.. Estableceron nas imaxes os retratos de Cristo e da Virxe, que hoxe en día se seguen a representar.

OS REINOS XERMÁNICOS

Trala desaparición do Imperio Romano de Occidente, os pobos xermánicos estableceron distintos estados independentes. Os máis estables foron os creados polos visigodos e polos francos.

Os Visigodos

Viviran durante moitos anos en terras do Imperio Romano como aliados e os seus dominios estendíanse a ámbolos lados dos Pirineos. A súa capital era **Tolosa** (hoxe Toulouse), pero no século VI, os seus territorios quedaron reducidos á Hispania, o que lles fixo que a trasladasen a **Toledo**.

Os visigodos ocuparon os cargos na administración e tiñan moito poder militar que obrigou ós terratenentes hispanorromanos a entregarlles parte das súas terras.

O seu rei **Recaredo** abrazou o catolicismo no ano 587. A Igrexa católica exerceu unha grande influencia no Estado visigodo a través dos **concilios** ou reunións periódicas de tódolos bispos.

O carácter electivo provocaba constantes loitas entre os nobres, porque todos querían o trono. Foi un destes enfrontamentos o que favoreceu a invasión musulmana da Península e a desaparición do reino no ano 711.

Terminaron adoptando a lingua e os costumes romanos. O intelectual máis notable foi Danto **Isidoro de Sevilla**, que recompilou na súa obra Etimoloxías tódolos saberes do seu tempo.

Os Francos

Procedían do Rin e establecéronse na Galia. Un dos monarcas máis importantes foi **Clodoveo** que, convertido ó Cristianismo, venceu ós visigodos e fixo de Francia o máis importante reino xermánico.

Os sucesores deixaron o poder efectivo, nas mans dos altos funcionarios, os **mordomos do pazo**. **Carlos Martel**, venceu ós musulmáns na batalla de Poitiers (732), detendo así a súa penetración en Europa. O seu fillo **Pipino** foi elixido rei de Francia no ano 751, inaugurando a dinastía **carolinxia**.

Carlomagno, o fillo de Pipino, levou a dinastía carolinxia ó seu máximo esplendor. Foi coroado emperador polo papa León III no Nadal do ano 800.

O Imperio era moi extenso. Para administralo dividiuno en **condados** , unhas provincias ó mando dun conde que estableceu marcas nas zonas fronteirizas, gobernadas por un marqués.

A súa preocupación pola cultura levouno a funda-la Escola Palatina de Aquisgrán.

Despois da súa morte o Imperio se desintegrou e se dividiu en dous países: Francia e Alemaña. O título imperial pasou a mans xermánicas.

Os Suevos en Galicia

Antes da caída definitiva do Imperio Romano no século V, chegaron a Galicia os *suevos*, procedentes de Europa Central, que fuxían de **Atila**, rei dos hunos, que avanzaba por Europa con ansias de conquistala. Os suevos, guiados por **Hermerico**, atravesaron a Galia ata cegar á Península Ibérica. Nun principio andiveron errantes, xunto os *vándalos* e os *alanos*; logo os romanos déronlle permiso para asentarse na Gallaecia. Os suevos eran pacíficos e aborrecían as espadas e amaban os arados. Non tardaron en facer amizade cos galegos. Cegaron a aclamar a **Hermerico** como rei de Gallaecia, fundando o *primeiro reino de Occidente*. Da lingua sueva quedaron algunhas palabras, nomes propios e topónimos de lugares. Reinando Teodomiro, chegou a Galicia **San Martiño de Dumio**, que viña de parte de Xustiniano para establecer unha alianza entre Galicia e bizancio. Martiño de Dumio afianzou o cristianismo que había iniciado **Prisciliano** na súa época. A Teodomiro sucedeuno o seu fillo *Miro*, e a este, *Eurico*. Foi o derradeiro rei suevo pois Galicia acabará sometida por *Leovixildo*, rei visigodo que daquela xa *dominaba toda a Península Ibérica*.

As Manifestacións Artísticas

VISIGODOS: Construíron igrexas de reducidas dimensións. Utilizaron os **arcos de ferradura e a bóveda**, e os teitos baixos e a escaseza de ventás fan que o aspecto exterior dos seus templos resulte pesado e macizo.

A decoración interior é escasa. Os motivos principais son temas vexetais e xeométricos e escenas do Antigo e Novo Testamento. As mellores igrexas son de San Juan de Baños (Palencia) e San Pedro de la Nave (Zamora).

Realizaron traballos de **ourivería** coma a coroa do rei Recesvinto.

CAROLINXIOS: Carlomagno decidiu levantar na capital do seu imperio edificios monumentais como manifestación do poder da súa monarquía. O mellor deles foi o **Palacio de Aquisgrán**, do que só se conserva a **capela Palatina** (fermosa copia da Igrexa bizantina de San Vital de Ravena). No seu interior formouse a famosa Escola Palatina.

Os exemplos da escultura carolinxia son: A estatua ecuestre de Carlomagno de pequenas dimensións ou o *Salterio de Utrech*, realizado en marfil.